

## **PLAN DE EMPLEO MUNICIPAL 2013: SEGUNDO PROGRAMA DE SERVICIOS LOCAIS E FOMENTO DE EMPREGO (SELFE II)**

### **ANTECEDENTES:**

O Concello de Lugo, para substituír o Plan Piles, que se viña executando dende o ano 2000, e poder dar continuidade a políticas activas de emprego, puxo en marcha no ano 2012 un innovador Plan de Emprego Municipal: o **PRIMEIRO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE SERVICIOS LOCAIS E FOMENTO DE EMPREGO (SELFE I)**, a resultados do cal se contrataron **4 empresas, polo importe total de 240.000€, para levar executar diferentes contratos durante 5 meses**. Para a licitación de cada un dos contratos propostos, tívose en conta non só o contido das obras a realizar, os materiais e a maquinaria a empregar, senón tamén a creación e o mantemento de postos de traballo en empresas locais, para colaborar a paliar os efectos da crise económica e o desemprego no noso concello. O deseño do plan **SELFE I** responde, polo tanto, a un triplo obxectivo:

- Contribuír a permanencia de empresas locais no tecido empresarial de Lugo
- Fortalecer o mantemento de postos de traballo e a creación de novos empregos.
- Levar a cabo actuacións de interese municipal

Unha vez rematados os contratos anteriores, analizáronse os resultados acadados, sendo estes moi satisfactorios, non só pola boa execución das obras realizadas, senón tamén pola creación e mantemento do emprego, xa que foron superadas incluso as expectativas formuladas na presentación do proxecto: no **SELFE I** participaron un total de 23 persoas, 10 traballadores antigos e 13 persoas desempregadas que tiveron a oportunidade de traballar en empresas locais ó tempo que se desenvolveron distintos labores de interese xeral para os cidadás deste municipio.

### **SEGUNDO PROGRAMA DE SERVICIOS LOCAIS E FOMENTO DE EMPREGO (SELFE II)**

Á vista dos resultados do plan anterior e das altas taxas de desemprego existente, é polo que o Concello de Lugo, decide de acometer un segundo plan de emprego municipal no 2013 denominado, **SEGUNDO PROGRAMA DE SERVICIOS LOCAIS E FOMENTO DE EMPREGO (SELFE II)**, no que se están a licitar 5 contratos para a realización de diferentes obras de mantemento de instalacións municipais, e nos que se esixe a adscrición de traballadores/as antigos e a contratación de alomenos dúas persoas desempregadas cun mínimo de antigüedad de 6 meses de inscrición nas Oficinas de Emprego de Lugo. O importe total adicado a estas contratacións é de 325.000€, aumentando unha contratación de servizo de mantemento e a duración do período de contratación das persoas desempregadas que sexan contratadas, así como do persoal existente na empresa que se inscriban a estes contratos.

Xúntase unha táboa, na que se reflicte a denominación dos contratos que están en licitación e se indican ás empresas adxudicatarias dos diferentes contratos. Esta táboa actualizarase a medida que se vaian coñecendo as propostas de adxudicación das diferentes obras, para que as persoas despregadas interesadas poidan contactar directamente con esas empresas, e interesarse polos postos de traballo que deben cubrir durante 6 meses.

**Nota Importante:** O Concello de Lugo, non participa na selección nin na remisión de candidatos/as, xa que son as empresas adxudicatarias as que realizan as contratacións, e, se é o caso, envían a oferta ao servizo público de emprego e seleccionan ás persoas candidatas, de acordo ao compromiso acadado no seu contrato co Concello de Lugo.